



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE SANIDADE  
 Dirección Xeral de Innovación e  
 Xestión da Saúde Pública

Edificio Administrativo de San Lázaro  
 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono: 881542930 - Fax: 881542931  
 www.sergas.es

I/SXP/02/11

 XUNTA DE GALICIA CONS. DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN E XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA <b>30 XUN. 2011</b> N° <b>2302</b> <input type="checkbox"/> ENTRADA <input checked="" type="checkbox"/> SAÍDA	<b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--------------------------------

S. de Seguridade Alimentaria  
 Hixiene/Carmen 2011/instrucciones/Instrucciones triquina .JAVR/ccs

DATA	Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2011
DE:	<b>SUBDIRECTOR XERAL DE PROGRAMAS DE CONTROL DE RISCOS AMBIENTAIS PARA A SAÚDE</b> FAX: 542943/542970
A:	<b>XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE:</b> <b>CORUÑA LUGO OURENSE PONTEVEDRA</b>

Nº DE PAXINAS (INCL. ESTA): 1

**REFª: Instrucións mostraxe triquina.**

Pola presente infórmase que en tanto non se modifique a guía da actividade inspectora en matadoiros, as inspeccións relativas o mostraxe de triquina recollida en dita guía, son substituídas polas seguintes:

Toma de mostras das canais para a realización de análises de triquina

**Recollida de mostras**

a. Cando se trate de canais enteiras de porcos domésticos, deberá tomarse unha mostra dun peso mínimo de 1 g nun dos pilares do diafragma, na zona de transición entre a parte muscular e a parte tendinosa. Poderá utilizarse un fórceps especial de triquinas se pode garantirse unha precisión de entre 1,00 e 1,15 g.

No caso das porcas de cría e dos verracos, deberá tomarse unha mostra maior dun peso mínimo de 2 g nun dos pilares do diafragma, na zona de transición entre a parte muscular e a parte tendinosa.

Cando non se dispoña do pilar do diafragma, deberá tomarse unha mostra de dobre tamaño, 2 g (ou 4 g no caso das porcas de cría e dos verracos), da parte do diafragma situada cerca das costelas ou do esternón, ou dos maseteros, a lingua ou os músculos abdominais.

b. Para os anacos de carne, tomarase unha mostra dun peso mínimo de 5 g de músculo estriado, que conteña pouca graxa e, na medida que sexa posible, estea situado preto dos osos ou dos tendóns. Tomarase unha mostra do mesmo tamaño da carne que non estea destinada a ser moi cocida ou a outros tipos de tratamento posterior ao sacrificio.

c. No caso das mostras conxeladas, tomarase para analizar unha mostra dun peso mínimo de 5 g de músculo estriado.

O peso das mostras de carne entenderase libre de toda graxa ou fascias. Deberase poñer especial coidado en tomar mostras de músculo da lingua coa finalidade de evitar contaminación coa capa superficial da mesma, que é indixestible e pode impedir a lectura do sedimento.

*[Handwritten signature]*

P. A. José Angel Viñuela Rodríguez

Xefe Servizo de Seguridade Alimentaria

